

**ACTA NÚMERO: 50/2022**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2022.**

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 11 horas do día 29 de decembro de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal,
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Fátima Monteagudo Pereira, Técnica de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Antonio Torrón Casal, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para o alleamento, mediante poxa pública, de diverso equipamento do Parque Central de Maquinaria da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022065773)*
2. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para o alleamento, mediante poxa pública, de diverso equipamento do Parque Central de Maquinaria da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022065773)*
3. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato para a prestación do servizo de consultoría para a redacción e elaboración do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030) . (Expte.- 2022066946)*
4. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato para a prestación do servizo de consultoría para a redacción e elaboración do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030) . (Expte.- 2022066946)*
5. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de AT para a redacción dos proxectos técnicos de execución e dirección dos traballos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos proxectos IDAE FEDER EELL-2020005815 e FEDER-EELL-2020005816 financiados nun 80 % polo FEDER a través do POCS 2014-2020. (Expte.- 2022054693)*
6. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de AT para a redacción dos proxectos técnicos de execución e dirección dos traballos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos proxectos IDAE FEDER EELL-2020005815 e FEDER-EELL-2020005816 financiados nun 80 % polo FEDER a través do POCS 2014-2020. (Expte.- 2022054693)*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego, D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular e D.



Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para o alleamento, mediante poxa pública, de diverso equipamento do Parque Central de Maquinaria da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022065773).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral nº 2022008752 de data 7 de decembro de 2022, aprobouse o expediente do procedemento aberto convocado para o “*Alleamento mediante poxa pública de diverso equipamento do Parque Central de Maquinaria da Deputación de Pontevedra*”. O anuncio convocando este procedemento de poxa pública publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12 de decembro de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas que rexen este procedemento.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación obsérvase que non existe ningunha oferta presentada dentro do prazo establecido ao efecto, polo que a Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación, que se declare deserto o procedemento aberto convocado para o alleamento mediante poxa pública de diverso equipamento do Parque Central de Maquinaria da Deputación de Pontevedra, co motivo de que unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, non se presentou ningunha empresa interesada na adxudicación da citada poxa.



**2. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para o alleamento, mediante poxa pública, de diverso equipamento do Parque Central de Maquinaria da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022065773).**

O Presidente decide retirar este asunto da orde do día por non terse presentado ningunha empresa interesada na adxudicación do procedemento aberto convocado para o alleamento, mediante poxa pública, de diverso equipamento do Parque Central de Maquinaria da Deputación de Pontevedra.

**3. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato para a prestación do servizo de consultoría para a redacción e elaboración do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030) . (Expte.- 2022066946).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 9 de decembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de consultoría para a redacción do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030). O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12/12/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Presidente e o Secretario da Mesa de Contratación acceden á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.



Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- Techfriendly SL (CIF B-95.886.206)
- UTE Pons Seguridade vial SL (CIF B-28505592)-CPS Infraestructuras, movilidad y medio ambiente SL (CIF B-97500433)
- Estrategia y Organización SA (EOSA) CIF A-36.196.418
- UTE NTT Data Europe & Latam Green Engineering SLU (CIF B-85746089) – NTT Data Spain SLU (CIF B-82.387.770)

**4. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato para a prestación do servizo de consultoría para a redacción e elaboración do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030) . (Expte.-2022066946).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 9 de decembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto *do servizo de consultoría para a redacción do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030)*. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12/12/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación nesta reunión do día 29 de decembro de 2022 procedeu a efectuar a apertura da documentación administrativa do sobre “A”, resultando admitidas as seguintes empresas:

- Techfriendly SL (CIF B-95.886.206)
- UTE Pons Seguridade vial SL (CIF B-28505592)-CPS Infraestructuras, movilidad y medio ambiente SL (CIF B-97500433)
- Estrategia y Organización SA (EOSA) CIF A-36.196.418
- UTE NTT Data Europe & Latam Green Engineering SLU (CIF B-85746089) – NTT Data Spain SLU (CIF B-82.387.770)



O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descifrado e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor das empresas admitidas.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B” que presentaron as empresa admitidas, a Técnica Natalia Abalo Araujo, para que proceda a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

**5. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “A” correspondentes á documentación avaliada mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de AT para a redacción dos proxectos técnicos de execución e dirección dos traballos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos proxectos IDAE FEDER EELL-2020005815 e FEDER-EELL-2020005816 financiados nun 80 % polo FEDER a través do POCS 2014-2020. (Expte.- 2022054693).***

O secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial con numero 2022008271, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica para redacción dos proxectos técnicos de execución e dirección dos traballos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos proxectos IDAE número FEDER EELL2020005815 e FEDER EELL2020005816 financiados nun 80 % polo FEDER a través do POCS 2014-2020.



O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 18/11/2022. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- Facilita ingeniería SL (CIF B-70501317).- (Lotes 1 e 2)
- Letter Ingenieros SL (CIF B-19522028).-Lotes 1 e 2

O Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios Eugenio Marcote Carballo, con data 26 de decembro de 2022, emitiu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

#### Lote 1

Criterio	Calidade técnica da memoria	Metodoloxía de toma de datos	Metodoloxía de comprobación de resultados	Metodoloxía de cálculo lumínico	Resultado global valoración (Máx. 35 puntos)
Puntuación max	15	7	7	6	35
Facilita Ingeniería	10	6	5	4	25
Letter Ingenieros SL	9	3	3	4	19

#### Lote 2

Criterio	Calidade técnica da memoria	Metodoloxía de toma de datos	Metodoloxía de comprobación de resultados	Metodoloxía de cálculo lumínico	Resultado global valoración (Máx. 35 puntos)
Puntuación max	15	7	7	6	35
Facilita Ingeniería	10	6	5	4	25
Letter Ingenieros SL	9	3	3	4	19

A Mesa de Contratación, en base ao informe do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios Eugenio Marcote Carballo, con data 26 de decembro de 2022, acorda prestar conformidade as citadas puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do “Servizo de asistencia técnica para redacción dos proxectos técnicos de execución e dirección dos traballos de renovación das instalacións de iluminación exterior



correspondentes cos proxectos IDAE número FEDER EELL2020005815 e FEDER EELL2020005816 financiados nun 80 % polo FEDER a través do POCS 2014-2020.”

**6. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de AT para a redacción dos proxectos técnicos de execución e dirección dos traballos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos proxectos IDAE FEDER EELL-2020005815 e FEDER-EELL-2020005816 financiados nun 80 % polo FEDER a través do POCS 2014-2020. (Expte.-2022054693)**

O Secretario informa ós asistentes das puntuacións acadadas polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de asistencia técnica para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos técnicos de execución e dirección dos traballos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos proxectos IDAE número FEDER EELL2020005815 e FEDER EELL2020005816 financiados nun 80 % polo FEDER a través do POCS 2014-2020 sendo esta a seguinte:

Lote 1

Criterio	Calidade técnica da memoria	Metodoloxía de toma de datos	Metodoloxía de comprobación de resultados	Metodoloxía de cálculo lumínico	Resultado global valoración (Máx. 35 puntos)
Puntuación max	15	7	7	6	35
Facilita Ingeniería	10	6	5	4	25
Letter Ingenieros SL	9	3	3	4	19

Lote 2

Criterio	Calidade técnica da memoria	Metodoloxía de toma de datos	Metodoloxía de comprobación de resultados	Metodoloxía de cálculo lumínico	Resultado global valoración (Máx. 35 puntos)
Puntuación max	15	7	7	6	35
Facilita Ingeniería	10	6	5	4	25
Letter Ingenieros SL	9	3	3	4	19

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descifrado e descarga da



documentación presentada no sobre “B” correspondente os criterios de valoración automática ao acadar ditas empresas unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Empresa: Facilita ingeniería SL

1.- Prezo total ofertado:

Nº Lote	Orzamento estimado máximo (sen iva)	Prezo ofertado para o conxunto de proxectos que integran o lote. (sen IVE)	IVE (21 %)	Prezo ofertado para o conxunto de proxectos que integran o lote. (IVE incluído)
1	35.035,00 €	21.721,70 €	4.561,56 €	26.283,26 €
2	19.910,00 €	13.344,20 €	2.592,28 €	14.936,48 €

2.- Experiencia de un dos técnicos redactores en elaboración de proxectos de instalacións de iluminación exterior:

Criterio	Nº total de proxectos ofertados (Lotes 1 e 2)
Número de proxectos de instalacións de iluminación exterior redactados polo técnico redactor proposto	9

*Nota: O número mínimo de proxectos é de 1 proxecto.*

3.- Experiencia do técnico director dos traballos en direccións de proxectos de execución de instalacións de iluminación exterior..

Criterio	Nº total de proxectos ofertados (Lotes 1 e 2)
Número de proxectos de instalacións de iluminación exterior dirixidos polo técnico redactor proposto	9

Empresa: Letter ingenieros SL

1.- Prezo total ofertado:

Nº Lote	Orzamento estimado máximo (sen iva)	Prezo ofertado para o conxunto de proxectos que integran o lote. (sen IVE)	IVE (21 %)	Prezo ofertado para o conxunto de proxectos que integran o lote. (IVE incluído)
1	35.035,00 €	16.995,00 €	3.568,95 €	20.563,95 €
2	19.910,00 €	9.960,00 €	2.091,60 €	12.051,60 €





2.- Experiencia de un dos técnicos redactores en elaboración de proxectos de instalacións de iluminación exterior:

Criterio	Nº total de proxectos ofertados (Lotes 1 e 2)
Número de proxectos de instalacións de iluminación exterior redactados polo técnico redactor proposto	43

*Nota: O número mínimo de proxectos é de 1 proxecto.*

3.- Experiencia do técnico director dos traballos en direccións de proxectos de execución de instalacións de iluminación exterior..

Criterio	Nº total de proxectos ofertados (Lotes 1 e 2)
Número de proxectos de instalacións de iluminación exterior dirixidos polo técnico redactor proposto	31

Seguidamente procédese a valoración dos criterios automáticos de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

Lote 1.- Puntuación criterios automáticos				
	Prezo	Experiencia de un dos técnicos redactores en elaboración de proxectos de instalacións de iluminación exterior	Experiencia do técnico director dos traballos en direccións de proxectos de execución de instalacións de iluminación exterior	Total
Facilita ingeniería SL	25,55	15,00	15,00	55,55
Letter ingenieros	35,00	15,00	15,00	65,00

Lote 2.- Puntuación criterios automáticos				
	Prezo	Experiencia de un dos técnicos redactores en elaboración de proxectos de instalacións de iluminación exterior	Experiencia do técnico director dos traballos en direccións de proxectos de execución de instalacións de iluminación exterior	Total
Facilita ingeniería SL	26,32	15,00	15,00	56,32
Letter ingenieros	35,00	15,00	15,00	65,00

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas que queda da seguinte forma:



### Lote 1

Posición	Empresas	Puntuación criterios mediante xuízos de valor	Puntuación criterios automáticos	Puntuación total
1ª	Letter ingenieros SL	19	65,00	84,00
2ª	Facilita ingenieria SL	25	55,55	80,55

### Lote 2

Posición	Empresas	Puntuación criterios mediante xuízos de valor	Puntuación criterios automáticos	Puntuación total
1ª	Letter ingenieros SL	19	65,00	84,00
2ª	Facilita ingenieria SL	25	56,32	81,32

- Propor ao órgano de contratación a adxudicación do procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos técnicos de execución e dirección dos traballos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos proxectos IDAE número FEDER EELL2020005815 e FEDER EELL2020005816 financiados nun 80 % polo FEDER a través do POCS 2014-2020 correspondente aos lotes nº1 e nº2 a empresa Letter Ingenieros SL. (CIF B-19522028).

A Mesa de Contratación comproba que a empresa Letter Ingenieros SL (CIF B-19522028) proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Sector Público (Rolece), quedando acreditado a capacidade da mesma, que o firmante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, e asimesmo que a empresa non está incursoa en ningunha prohibición de contratar.

- Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa Letter Ingenieros SL, (CIF B-19522028) mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles contados desde o seu envío, aporte a restante documentación establecida nos pregos entre a que se atopa a contitución da garantía definitiva.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e trinta minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

